



Concello de O Pino • Rúa do Concello s/n • 15821 Pedrouzo – Arca (O Pino)

www.concellodeopino.com • correo@opino.gal • Tel. 981 511 002 • Fax: 981 511 123

XX Concurso de Disfraces de Entroido. O Pino 2018

O Departamento de Cultura do Concello de O Pino organiza o XX Concurso de Disfraces para celebrar o Entroido 2018, que se rexerá polas seguintes

BASES

- I. Poden participar todas as persoas que acudan disfrazadas o día do concurso.
- II. Os participantes deberán anotarse na Praza do Concello o mesmo día do concurso pola tarde, a partir das 16:30 horas.
- III. O concurso terá lugar o **domingo día 11 de febreiro de 2018** a partir das **17:30 horas** na Praza do Concello (Arca).
- IV. Outorgarase premios polas seguintes categorías:
 - Infantil: 100 € 75 € (1º e 2º clasificado)
 - Máis orixinal: 100 €
 - Individual: 100 €
 - Parella: 125 €
 - Grupo: 150 €
 - Carroza: 200 €
 - Comparsa: 350 €

Nota: Todos os rapaces/as de ata 12 anos terán un agasallo se van disfrazados/as, figuran inscritos no concurso e soben ao escenario desfilando co disfraz.
- V. As comparsas terán que ter polo menos 10 membros para poder participar e representarán todos un mesmo motivo.
- VI. O grupo terá como mínimo 3 persoas e máximo 9 para poder participar e representarán todos/as un mesmo motivo.
- VII. As carrozas serán como mínimo de 4 persoas representando algún tema enriba dun móbil (carro, tractor, etc...) e terán que estar todos os compoñentes (agás o condutor) enriba del.
- VIII. VIII.- Durante o desenvolvemento do desfile, o xurado valorará:
 - Comparsas e grupos:
 - ✓ Vestuario e maquillaxe (traballo feito a man e emprego de materiais de refugallo): 1 a 4 puntos.
 - ✓ Orixinalidade: 1 a 3 puntos
 - ✓ Organización e traballo en equipo: 1 a 3 puntos
 - ✓ Involucrar ao público (sorrisos, aplausos, etc...): 1 a 5 puntos.
 - Disfraces individuais (infantís e adultos)
 - ✓ Orixinalidade do vestuario (traballo feito a man e emprego de materiais de refugallo): 1 a 4 puntos.
 - ✓ Maquillaxe: 1 a 2 puntos.
 - ✓ Involucrar ao público (Sorrisos, aplausos, etc...): 1 a 5 puntos.
- IX. IX.- A selección dos gañadores realizarase a proposta dun xurado composto por persoal alleo ao Concello de O Pino.